

## CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

### BANDO

#### AXUDAS PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES DE USO TÉRMICO E SOLAR FOTVOLTAICA

O luns día 18 de xaneiro de 2021 saíron publicadas no DOG as resolucións do Instituto Enerxético de Galicia polas que convocan subvencións para proxectos de enerxías renovables de uso térmico e solar fotovoltaica, dirixidas a particulares.

#### BENEFICIARIOS

Persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, así como agrupacións de persoas físicas.

#### ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- **Proxectos de enerxía de uso térmico:** equipo de xeración enerxética, accesorios, sistema de almacenamento e alimentación do combustible, montaxe e conexión e sistema de captación do recurso xeotérmico.
- **Proxectos de enerxía solar fotovoltaica:** paneis solares fotovoltaicos, acondicionamento da enerxía eléctrica, monitorización e sistema de acumulación con baterías, accesorios da instalación, montaxe, conexión e dirección de obra, IVE cando non sexa recuperable.

#### CONTÍA DA AXUDA

- **Proxectos de enerxía de uso térmico:** A contía da axuda será do **50% do investimento elixible**, agás os proxectos de aerotermia cuxa axuda será do 30% segundo o orzamento e valores de potencia, co límite máximo de 60.000 euros.
- **Proxectos de enerxía solar fotovoltaica:** A contía da axuda será do **50% do investimento elixible**, co límite máximo de 25.000 euros.

#### PRAZO DE SOLICITUDES:


- Proxectos de enerxía de uso térmico:** o prazo de solicitudes iníciase o 1 de marzo para proxectos de biomasa, o 2 de marzo para proxectos de aerotermia, o 5 de marzo para proxectos de xeotermia e o 5 de marzo para proxectos de solar térmica. O prazo rematará o 1 de xullo.
- Proxectos de enerxía solar fotovoltaica:** o prazo de solicitudes iníciase o 3 de marzo e remata o 1 de xullo.

O Inega publicará na súa páxina web [www.inega.gal](http://www.inega.gal) o listado de empresas colaboradoras, as cales serán as encargadas da tramitación e xustificación da axuda así como tamén da realización da actuación e que deberán adherirse no prazo de **5 días hábiles a contar dende o día 25 de xaneiro incluído**.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 20 de xaneiro de 2021.

O Alcalde,



Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.